



www.anpegalicia.com



## ACCIDENTES EN ACTO DE SERVICIO

### PARA O PROFESORADO DO ÁMBITO XESTIONADO POR MUFACE

Actualmente existe un procedemento de RECOÑECEMENTO DE DEREITOS DERIVADOS DE ENFERMIDADES PROFESIONAIS E ACCIDENTES EN ACTO DE SERVICIO.

Se sofres un accidente no traballo debes saber:

1. A Xefatura do Servizo de Persoal da túa Delegación, terá que iniciar de oficio un expediente de pescudas para identificar as causas, determinar a relación de causalidade entre as consecuencias e a actividade realizada, e calificar a situación como accidente en acto de servizo ou non.
2. O Interesado/a debe enviar, a través do centro no que presta servizos o funcionario, a documentación que corresponda seguindo a plantilla que se adxunta na Circular:
  - a. Modelo de Informe do accidente da persoa involucrada, do que dispón a dirección do centro.
  - b. Parte médico inicial, normalmente de urxencias.
  - c. Copia do primeiro "Parte de enfermidade, accidente ou risco de embarazo".
  - d. Remitir declaración das testemuñas.
  - e. Atestado policial ou da garda civil, se houbese.
3. Concluído o expediente de pescudas, remítese copia ao interesado/a e a MUFACE, que inicia de oficio, o procedemento de RECOÑECEMENTO DE DEREITOS DERIVADOS DO ACCIDENTE, que rematarán nunha resolución e notificación ao interesado/a.

*Para todo o proceso hai dous meses de prazo.*  
*No transcurso do proceso, hai momentos determinados, onde se pode presentar nova documentación.*  
*No caso que a Delegación non inicie o expediente de oficio, pode facelo o interesado/a.*
4. No caso que se precisen prestacións sanitarias excepcionais ou que se orixinen lesións permanentes non invalidantes, debe ser o interesado/a o que inicie o procedemento, unha vez rematado o anterior. As lesións permanentes non invalidates deben ser calificadas polo EQUIPO DE VALORACIÓN DE INCAPACIDADES (EVI) dependente do INSS, que determinará se as lesións son susceptibles de indemnizacións aplicando o baremo establecido no Réxime Xeral da Seguridade Social, ou se constitúe unha incapacidade permanente parcial. *Prazo: 15 días para alegacións despois da valoración do EVI.*

No caso de ter dereito a indemnizacións, éstas son compatíbeis coas que se poidan xerar da execución da póliza de accidentes persoais que ten suscrita a Xunta para todas e todos os seu persoal, as 24 h, en calquera parte do mundo.

PARA O PRFESORADO INTERINO, SUBSTITUTO E O PERSOAL NON DOCENTE, OS TRÁMITES SON A TRAVÉS DA MUTUA.



**AGORA  
ANPE**  
está máis  
cerca de ti



[www.anpegalicia.com](http://www.anpegalicia.com)

REFERENCIA LEXISLATIVA: Orde APU/35554/2005 do 7 de novembro do MAP polo que se regula o procedemento para o recoñecemento dos dereitos derivados de enfermidades profesionais e de accidentes en acto de servizo en ámbito do mutualismo administrativo xestionado por MUFACE.

[CIRCULAR Nº2/2006 SOBRE ACCIDENTES EN ACTO DE SERVIZO](#)

ANPE